

Estamento de Clubs:

- 1.- Círculo Ferrolano de Xadrez
(Representa: D. Juan Vicente Rodriguez Rey)
- 2.- Círculo Xadrez Narón
(Representa: D^a. Teresa Taboada Soto)
- 3.- Club de Ajedrez Albariño
(Representa: D. Marco Antonio Costa Fuentes)
- 4.- Club de Ajedrez Escola Padrón
(Representa: D. Antonio Espiñeira Cajaraville)
- 5.- Club de Ajedrez Recatelo
(Representa: D. Antonio Nieto Velado)
- 6.- Club de Iniciativas Deportivas Universitarias
(Representa: D. Ernesto Perez Ramil)
- 7.- Club Xadrez Cabo Touriñán
(Representa: D. Santiago Perez Haz)
- 8.- Club Xadrez Fontecarmoa
(Representa: D. Manuel Suárez Vallejo)
- 9.- Club Xadrez Gallaecia
(Representa: D. Manuel Rodríguez Lamas)
- 10.- Clube Deportivo Xadrez Ourense
(Representa: D. Andres Ibarra Martin)

Estamento de Deportistas:

- 11.- D. Jose María Dorado Reboredo
- 12.- D. Ángel Francisco Vilas Fernández
- 13.- D. Ángel Manuel Carril González
- 14.- D. Elías Jose González Gil
- 15.- D. Xoan Xosé Hidalgo Neira

Estamento de Árbitros:

- 16.- D. Evaristo Rodríguez Lopez
- 17.- D. Francisco J. Ogando Gonzalez

Membros da Xunta Directiva:

- 18.- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente)

En Padrón, sendo ás 11:00 horas do 09 de Abril de 2017, en segunda convocatoria, e coa asistencia dos asembleístas citados na marxe, e cá presenza do Sr. Presidente da Federación Galega de Xadrez celébrase a Asemblea Xeral Ordinaria da FEGAXA, có seguinte

Orde do Día:

1. Acta da Asemblea anterior. Aprobación, se procede.
2. Informe proxecto e convenio 2017.
3. Memoria deportiva 2016. Aprobación, se procede.
4. Peche económico 2016. Aprobación, se procede.
5. Calendario Deportivo 2018. Aprobación, se procede.
6. Rogos e preguntas.

Publicada previamente na páxina web da Federación, incluíndo as contas anuais e a memoria económica e deportiva; iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

Así mesmo, entrégase copia dos documentos aos asistentes e utilízase a proxección dos mesmos en pantalla.

Intervén como moderador D. Ángel Francisco Vilas Fernández (Vpte. FEGAXA).

1.- Acta da Asemblea anterior. Aprobación, se procede.

Publicada na web con anterioridade copia do acta anterior a tódolos presentes para que procederan a súa lectura pásase á votación.
Apróbase por unanimidade

2.- Informe proxecto e convenio 2017.

O Sr. Presidente explica as modificacións que hai na xustificación do convenio 2017 coa Secretaría Xeral para o Deporte amosando o Anexo I presentado a SXD co reparto orzamentario da subvención que se concedería a Fegaxa.

Informa que para este ano 2017 hai un aumento na subvención da SXD, amosando os cadros na pantalla. Asimesmo informa de cómo está a situación referente aos traballos e xestións cara o mundial Santiago 2018.

3.- Memoria deportiva 2016. Aprobación, se procede.

Na Asemblea entrégase aos asembleístas copia da memoria deportiva 2016 en CD.
A memoria Deportiva apróbase por unanimidade

4.- Peche económico 2016. Aprobación, se procede.

O Sr. Presidente explica, detalladamente, as contas anuais 2016, publicadas na páxina web con anterioridade, contendo balance de situación, conta de perdas-ganancias e memoria económica. Non habendo máis preguntas, pásase á votación para a súa aprobación. Aprobándose por unanimidade.

Contas anuais 2016:**CONTA DE PERDAS E GANANCIAS****FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ**

Período: 01-01-2016 / 31-12-2016; Período N-1: 01-01-2015 / 31-12-2015.-
(Importes en euros)

Data:31-12-2016

PERDAS E GANANCIAS	Exercicio 2016	Exercicio 2015
A) OPERACIONES CONTINUADAS.		
1. Ingresos pola actividade ordinaria.	112.753,91	78.138,15
a) Ingresos de licenzas, cotas de club, equipos, docentes e outras.	112.753,91	78.138,15
5. Outros ingresos de explotación.	51.115,40	41.743,40
b) Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio.	51.115,40	41.743,40
6. Gastos de persoal.	- 19.184,54	- 19.050,53
a) Soldos, salarios e asimilados.	- 14.660,39	- 14.669,33
b) Cargas Sociais.	- 4.524,15	- 4.381,20
7. Outros gastos de explotación.	- 131.700,34	- 110.033,97
a) Servizos exteriores.	- 10.989,33	- 18.146,24
d) Outros gastos de xestión corrente e organización de competicións.	- 120.711,01	- 91.887,73
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN.	12.984,43	- 9.202,95
14. Ingresos financeiros.	226,51	292,63
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros.	226,51	292,63
b2) En terceiros.	226,51	292,63
A.2) RESULTADO FINANCIERO.	226,51	292,63
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	13.210,94	- 8.910,32
A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPER. CONTINUADAS.	13.210,94	- 8.910,32
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO.	13.210,94	- 8.910,32

BALANCE DE SITUACIÓN**FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ**

Período: 01-01-2016 / 31-12-2016; Período N-1: 01-01-2015 / 31-12-2015.-
(Importes en euros)

Data:31-12-2016

ACTIVO	Exercicio 2016	Exercicio 2015
A) ACTIVO NON CORRIENTE.	0,00	0,00
I. Inmovilizado intanxible.	0,00	0,00
5. Aplicacións informáticas.	0,00	0,00
206. Aplicacións informáticas.	870,00	870,00
2806. Amortización acumulada de aplicacións informáticas.	- 870,00	- 870,00
II. Inmovilizado material.	0,00	0,00
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material.	0,00	0,00
214. Material deportivo.	27.116,10	28.478,49
216. Mobiliario.	823,40	928,80
217. Equipos para procesos de información.	4.047,66	4.274,03
219. Outro inmovilizado material.	2.497,92	2.497,92
2814. Amortización acumulada de material deportivo.	- 27.116,10	- 28.478,40
2816. Amortización acumulada de mobiliario.	- 823,40	- 928,80
2817. Amortización acumulada de equipos para procesos de información.	- 4.047,66	- 4.274,03
2819. Amortización acumulada de outro inmovilizado material.	- 2.497,92	- 2.497,92
B) ACTIVO CORRIENTE.	23.455,58	10.372,60
III. Deudores e outras contas a cobrar.	12.267,40	2.381,00
1. Afiliados e outras entidades deportivas.	2.288,00	2.371,00
430. Entidades deportivas.	60,00	300,00
431. Clubes, entidades deportivas por licenzas.	2.228,00	2.071,00
2. Federados por licenzas e outros.	187,00	10,00
433. Federados por licenzas.	187,00	10,00
6. Administracións públicas por subvencións.	9.792,40	0,00
470. Subvencións entidades públicas.	9.792,40	0,00
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.	11.188,18	7.991,60
1. Tesourería.	11.188,18	7.991,60
570. Caixa, euros.	295,48	9,64
572. Bancos e institucións de crédito c/c vista, euros.	10.892,70	7.981,96
TOTAL ACTIVO (A+B).	23.455,58	10.372,60

PATRIMONIO NETO Y PASIVO	Exercicio 2016	Exercicio 2015
A) PATRIMONIO NETO.	21.954,12	8.743,18
A-1) Fondos propios.	21.954,12	8.743,18
I. Fondo social.	17.653,50	17.653,50
1. Fondo social estatuario.	17.653,50	17.653,50
101. Fondo social Federación Galega de Xadrez.	17.653,50	17.653,50
V. Resultados de ejercicios anteriores.	- 8.910,32	0,00
VII. Resultado do exercicio.	13.210,94	- 8.910,32
129. Resultado do exercicio.	13.210,94	- 8.910,32
B) PASIVO CORRENTE.	1.501,46	1.629,42
V. Acreedores e outras contas a pagar.	1.501,46	1.629,42
1. Proveedores.	64,10	233,55
400. Proveedores.	64,10	233,55
3. Acreedores varios.	279,83	305,88
410. Acreedores por colaboración en servizos.	279,83	305,88
4. Persoal.	- 64,17	0,00
465. Remuneracións pendentes de pago.	- 64,17	0,00
6. Outras deudas coas administracións públicas.	996,70	849,99
4751. Hacienda Pública, acreedora por retencións practicadas.	537,43	406,86
476. Organismos da Seguridade Social, acreedores.	459,27	440,13
7. Anticipos de afiliados e outras entidades deportivas.	225,00	243,00
438. Anticipos de clubs e outras entidades deportivas.	225,00	243,00
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO.	23.455,58	10.372,60

5.- Calendario Deportivo 2018. Aprobación, se procede.

O Sr. Presidente presenta o calendario deportivo para o ano 2018 onde expónse volver o Campionato Galego Sub-10 a Semana Santa debido a baixa participación que houbo este ano e tras consultas con clubs.

Tamén propón realizar una Gala do Deporte coincidindo cá clausura do Circuito de Promoción para premiar aos equipos campións de cada grupo da Liga Galega por equipos de Club.

D. Anxo M. Carril Gonzalez expón o seu malestar porque a Asemblea coincida co Campionato Galego Absoluto, agora que dóbrase rolda o domingo pola mañá; polo que expón facer a asemblea outro día diferente a celebración dos Campionatos Galegos ou que se suprima a dobre rolda da categoría absoluta do domingo.

D. Angel Fco. Vilas Fernández contéstalle que tanto a celebración das asembleas como a dobre rolda do domingo na categoría absoluta, son propostas aprobadas pola Asemblea e que conservar todas as intencións de cada un é imposible, pero que se estudiarán solucións para o vindeiro ano.

D. Gaspar Pérez Carnero explica que se pretende realizar as asembleas coincidentes cos Campionatos Galegos para ampliar e facilitar a participación dos asembleístas.

D. Elías Gonzalez Gil expón estar de acordó có exposto por D. Anxo M. Carril xa que habería que facilitar tanto aos delegados/presidentes dos clubs como aos xogadores participantes poder compaxinar a asistencia aos Campionatos Galegos e á Asemblea non coincidindo cos primeiros.

Tamén informa que foi atinado volver a estrutura inicial do Campionato galego Sub-10 e celebralo na Semana Santa, por elo presenta datos dos 3 últimos anos onde a participación da mencionada categoría no presente ano reduciuse preto do 50 %, e observa que na categoría Sub-12 que estase a celebrar hai máis xogadores sub-10 participantes que sub-12.

D. Jose M^a Dorado Reboredo expón modificar as datas da Liga Galega por equipos de Club para principios de Xaneiro e así evitar que o remate da Liga non se extenda ata finais de Abril.

O Sr. Presidente explica que, debido aos peches económicos e xustificacións, todas as probas oficiais teñen que ter lugar na tempada correspondente, que no noso caso, coincide co ano natural. O retraso do comezo da Liga é debido a que os Campionatos Provinciais teranse que celebrar a principios de ano, e non a finais do ano anterior como facíase en outras tempadas pasadas.

Solicítase primeiro votar a inclusión do Campionato Galego Sub-10 na Semana Santa tal e como se expón no calendario deportivo 2018 entregado:

Votos a favor: 10
Votos en contra: 2
Abstencións: 6

D. Elías Gonzalez Gil informa que non hai datas determinadas da Copa Galicia e que non é xusto organizala xusto despois da Liga porque na categoría absoluta do ano pasado tivo moi poca participación por ese motivo. Habería que gañar en calidade e cantidade de participación.

D. Ernesto Perez Ramil tamén está de acordó con D. Elías Gonzalez Gil.

Proponse celebrar a Copa Galicia o último fin de semana de Maio, que para o 2018 sería o 26 e 27 de Maio.

Votos a favor: 12
Votos en contra: 0
Abstencións: 6

Atendendo as modificacións presentadas e aprobadas, proponse levar a cabo a votación para a aprobación do calendario deportivo 2018:

Votos a favor: 15
En contra: 1
Abstencións: 2

O calendario 2018, quedaría así :

CAMPIONATOS PROVINCIAIS :

CATEGORIA	RITMO MINIMO	DATAS:
Absoluto	1 hora por xogador	Entre :
Sub-18	1 hora por xogador	01/01/2018 -
Sub-16	45 minutos por xogador	21/01/2018

CATEGORIA	RITMO MINIMO	DATAS:
Sub-14	45 minutos por xogador	Entre :
Sub-12	30 minutos por xogador	01/01/2018 -
Sub-8 / 10	30 minutos por xogador	21/01/2018

CAMPIONATOS GALEGOS :

CAMPIONATO GALEGO SUB-14 E SUB-18	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	10-02-18	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	11-02-18	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	12-02-18	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	13-02-18	Martes

CAMPIONATO GALEGO SUB-8	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	12:00 h.	24-03-18	Sábado
30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	16:00 h.	4ª rolda	18:30 h.	24-03-18	Sábado
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	12:00 h.	25-03-18	Domingo
	7ª rolda	16:00 h.	8ª rolda	18:30 h.	25-03-18	Domingo

CAMPIONATO GALEGO SUB-10 E SUB-12	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	24-03-18	Sábado
60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	18:30 h.			24-03-18	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	25-03-18	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			25-03-18	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	26-03-18	Luns

CAMPIONATO GALEGO SUB-16	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	24-03-18	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	25-03-18	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	26-03-18	Luns
	7ª rolda	09:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	27-03-18	Martes

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO, FEMININO, VETERANOS	1ª rolda	17:00 h.	24-03-18	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	2ª rolda	10:00 h.	25-03-18	Domingo
	3ª rolda	17:00 h.	25-03-18	Domingo
	4ª rolda	17:00 h.	26-03-18	Luns
	5ª rolda	17:00 h.	27-03-18	Martes
	6ª rolda	17:00 h.	28-03-18	Mércores
	7ª rolda	17:00 h.	29-03-18	Xoves
Posibilidade de aumentar/suprimir algunha rolda segun nº de inscritos.	8ª rolda	10:00 h.	30-03-18	Venres
Si o nº de inscritos nos campionatos feminino e veterano non é igual ou superior a 20, xogarán integrados no campionato absoluto.				

LIGA GALEGA POR EQUIPOS :

LIGA GALEGA	ROLDAS	DATAS
	1ª	27/01/18
	2ª	3/02/18
90 min. + 30 seg/xogada en	3ª	17/02/18
División de Honra, 1ª	4ª	24/02/18
División, 2ª División e 3ª Div.	5ª	3/03/18

Descanso do 25/02/17 ao 28/02/17 (Entroido)	6ª	10/03/18
e do 8/04/17 ao 15/04/17 (Semana Santa).-	7ª	17/03/18
	8ª	7/04/18
	9ª	14/04/18
	10ª	21/04/18
Hora comenzo: 17:00 h.-	11ª	28/04/18

COPA GALICIA POR EQUIPOS :	26 e 27 de Maio	Cadete / Absoluta
-----------------------------------	-----------------	-------------------

CAMPIONATOS GALEGOS RAPIDAS E RELAMPAGO : Meses de maio/xuño.

XXXI CIRCUITO GALEGO DE XADREZ : Meses de xullo e agosto.

XIII CIRCUITO GALEGO DE PROMOCIÓN : Meses de abril a outubro.

MUNDIAL CADETE SANTIAGO 2018 :	3/11/18 - 16/11/18	SUB-8 / SUB-10 / SUB-12
---------------------------------------	--------------------	-------------------------

6.- Rogos e preguntas.

D. Francisco Ogando Gonzalez prega aos clubs a educar aos seus xogadores no tema do teléfono móbil debido as reclamacións que se está tendo na Liga Galega. O uso ou que sone o teléfono móbil supón a perda da partida automaticamente, cá reclamación no momento da incidencia e xogar "subcondicione" tal e como expón o regulamento.

D. Manuel Rodriguez Lamas pregunta por qué as primeiras mesas do Campionato Galego Absoluto non se están retransmitindo.

O Sr. Presidente resposta que non había personal para facelo e que por iso levarase a cabo un curso de retransmisión.

Outra cuestión plantexada polo Sr. Lamas é que se fai có material obsoleto.

D. Gaspar Pérez Carnero explica que o material obsoleto como son as impresoras entreganse ao mercar as novas, e co demais tratase de reciclar ou arranxar, senón dase de baixa ou permanece na sede federativa.

D. Xoan Xosé Hidalgo Neira solicita un curso de monitores autonómicos de base ofrecendo o Pazo da Peregrina de Bertamirás e costear o gasto da persoa que o imparta é para as persoas que levan moitos anos impartindo clases e así poden ter un título oficial da Federación e tramitar a súa licenza correspondente.

O Sr. Presidente infórmalle que tras a modificación da lexislación en canto a impartición dos cursos de adestradores, depéndese da Consellería de Educación e da Consellería de Deporte para poder obter o título oficial actual de niveis I, II e III. Estase intentando celebrar un curso de adestrador nivel I a través do CSD para realizar o bloque común e cá Federación para a parte específica e así reducir o tempo de expedición do título e facilitar a participación nas probas.

D. Ernesto Perez Ramil informa que Mestres de instituto con só xogar un torneo xa reciben un título da Consellería de Educación para poder impartir clases de xadrez nos centros educativos. Habería que capitalos e tramitarlle a licenza como medida recaudatoria.

D. Anxo Carril Gonzalez solicita que no programa XEFEGA cando se descarga o orzamento do gasto federativo, que non sexa en formato de Windows, vale pdf ou outro libre. Para non obrigar á xente a ter que traballar con Windows.

Tamén quere informar aos presentes de varios incidentes que tiveron lugar en División de Honra da Liga Galega por parte dun xogador una vez e dun espectador despois co uso do teléfono móbil; polo que suxire tomar medidas mediante carteis informativos ou có envío dunha circular por parte da FEGAXA.

D. Xoan Xosé Hidalgo Neira expón que existen circunstancias especiais para o uso do teléfono móbil coma pode ser estar de guardia no traballo ou por cuestións familiares...

D. Elías Gonzalez Gil solicita a creación dun comité anual de inspección que vele polo cumprimento interno do regulamento da Liga Galega por equipos de Club e así evitar o material de xogo deficiente, locais de xogo con características adversas (frio, pouco luz, ruidos, ...), alineacións indebidas, encontros que se xogan por teléfono, impuntualidade no comezo das roldas tanto polo equipo local coma polo equipo visitante. Este comité estaría formado por 3-4 árbitros titulados ou outras persoas que se estimen e que realicen inspeccións sorpresas nos locais de xogo e anotar as deficiencias ou anomalías dos encontros ou locais. Sería una idea máis económica que pór en cada encontro un árbitro.

Ao non haber nada máis que tratar, levántase a sesión ás 14:30 horas.



D^a Raquel Calleja Modia
Secretaría FEGAXA



Vº e prace:



D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA